



## Entidade Local Menor de Bembrive

### ANUNCIO ORGANIZACIÓN

**Expte. Número: 2019/.....**

De conformidade co disposto na Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, faise público o seguinte:

**Primeiro.-** A raíz das Resolucions da Alcaldía Pedanía do 6 de agosto de 2019, as Tenencias de Alcaldía e as Delegacións da Alcaldía quedan como segue:

1.- Nomear como Tenentes de Alcaldía aos vogais desta Entidade, pola seguinte orde:

Primeira Tenente de Alcalde-Pedáneo: D<sup>a</sup> Patricia Otero Carrera.

Segundo Tenente de Alcalde-Pedáneo: D. José González Domínguez.

Correspóndelles aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento ó Alcalde-Pedáneo nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do mesmo no suposto de vacante ata que tome posesión o novo.

2.- Delegar a favor dos Tenentes de Alcalde nomeados as funcións de dirección, xestión e proposta, reservándose a Alcaldía as facultades de resolución de expedientes e de realización de actos que afecten a terceiros, nas materias seguintes:

Na Primeira Tenente de Alcalde, D<sup>a</sup> PATRICIA OTERO CARRERA, como **VOGAL DE CULTURA, FESTEXOS POPULARES E DEPORTES.**

No Segundo Tenente de Alcalde a D. JOSÉ GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ como **VOGAL DE PARQUES E XARDÍNS, MONTES E VÍAS E OBRAS.**

3.- Efectuar as delegacións especiais que a continuación se indican, nos vocais que se relacionan:

Servizo: **FONTES E LAVADOIROS, SANIDADE E MEDIO AMBIENTE.**

Vocal: Manuel Costas Costas.

Ámbito e facultades: A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos desta Entidade Local Menor que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Medio ambiente e actuacións contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

Servizo: **ENSINO, IGUALDADE, XUVENTUDE, TURISMO E BENESTAR SOCIAL**

Vocal: Antía González Fernández.

Ámbito e facultades: A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos desta Entidade Local Menor que se ocupen ou garden relación coas referidas materias, en particular:

- Actividades complementarias en materia de ensino.
- Actividades en materia de igualdade e voluntariado.
- Información e promoción turística da parroquia.
- A realización de programas e actividades destinados a xóvenes e maiores.

4.- Determinar que as presentes delegacións produzan efecto desde o día seguinte ó da data deste Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándolle persoalmente aos afectados para a súa aceptación.

**Segundo.-** No acordo da Xunta Veciñal de 12 de agosto de 2019, decidiuse o seguinte:

### **A) DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL**

#### 1.- Dedicación exclusiva:

Titular da vocalía delegada do servizo de parques e xardíns, montes e vías e obras:  
Retribución íntegra anual (incluído Seguridade Social a cargo da Entidade): 32.078,76 €.

#### 2.- Dedicación parcial:

Titular da Alcaldía-Pedanía: Retribución íntegra anual (incluído Seguridade Social a cargo da Entidade): 21.126,98 €.

#### 3.- Réxime:

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión desta Entidade Local Menor, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios/personal laboral desta ELM.

No caso do membro da Entidade con dedicación exclusiva a cotización á Seguridade Social será pola xornada completa e por media xornada no caso de dedicación parcial.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Entidade Local Menor de Bembrive.

Este goberno considera que a adopción destas medidas sobre as retribucións propostas xustifícanse pola necesidade de buscar novas fontes de ingresos, negociación dun novo convenio de cooperación co Concello de Vigo, xa que o vixente remata o 31/12/2021 e a redución do gasto procurando unha mellor xestión en materia contractual e



## Entidade Local Menor de Bembrive

administrativa. Por estes motivos, é preciso empregar un elevado número de horas que conleva un custo de oportunidades.

Polo que respecta a dedicación exclusiva atribuída ao “vogal de parques e xardíns, montes e vías e obras” enténdese que é necesaria, ao non existir persoal de carácter técnico, ante as esixencias recollidas na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia, tales como a prevención de lumes forestais e a conservación e valorización de monte público que actualmente se atopa nun estado de abandono, así como o cumprimento do Plan de Ordenación do M.U.P 563 do ano 2016.

A maior abundamento, esta Entidade Local resultou afectada nos últimos anos por unha redución na prestación de servizos financiados pola Mancomunidade de Montes de Vigo. Por último, cabe sinalar este tipo de dedicacións xa existiron noutros mandatos anteriores, polo que non constitúe ningunha novidade.

### B) INDEMNIZACIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA XUNTA VECIÑAL

1.- Asistencias: Por asistencia efectiva a cada sesión que celebre a Xunta Veciñal, os vocais que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán 450,00 €.

O límite máximo con dereito a percibir asistencias á Xunta Veciñal desta Entidade establécese en doce ao ano para cada corporativo.

Non se establecerán dereitos por asistencia ás sesións das Comisións Informativas.

2.- Dietas e gastos de viaxe: para a realización de calquera clase de cometidos que impliquen gastos de viaxe ou dietas, establécense as mesmas dietas que aos funcionarios públicos, conforme ao grupo 2 do Anexo I do R.D. 462/2002. Se inclúen os viaxes e desprazamentos que se realicen no termo municipal de Vigo.

En caso de circulación por autopista de peaxe, ou aparcamentos indemnizarase o importe pagado, contra a presentación dos xustificantes correspondentes.

3.- Os efectos económicos deste acordo serán aplicables dende o día de hoxe.

Bembrive, 13 de agosto de 2019

O alcalde pedáneo,

Asdo.: Marcos Castro González

